

Sra. Presidenta do Consello Forestal de Galicia
Consellería do Medio Rural e do Mar (Santiago de Compostela)

Xosé Santos Otero, vogal e representante da organización ambientalista Amigos da Terra no Consello Forestal de Galicia, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Bedoia Nº. 5 2ºD, 32004 Ourense, tendo en consideración a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ao mesmo tempo o Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

Tendo en consideración cun dos principios básicos para a solución das eivas en calquera ámbito é fomentar a participación pública respectando as normas das que nos dotamos, principio e normas que recolle o propio decreto de creación do Consello Forestal de Galicia, tendo detectado o vogal que asina o presente escrito fallos e eivas que impiden o cumprimento axeitado do PLADIGA 2017.

EXPOÑO:

1º A información que se nos facilitou a nosa organización sempre é incompleta, o PLADIGA 2017 achegóusenos con tres días de antelación, faltando información como o convenio da Xunta de Galicia coas Forzas Armadas do Estado Español, os custes de dietas e gastos en vehículos dos corpos e forzas de seguridade do Estado asumidos pola Xunta de Galicia, empresas subcontratadas que xestionan as bases de medios aéreos e as brigadas helitransportadas...

A información en canto a algúns medios de prevención ou actuacións dirixidas a poboación recollidas no PLADIGA 2017 son inexactas, pode servir de exemplo o apartado adicado "torretas/casetas de vixilancia de incendios" que son moitas menos as operativas que as que aparecen reflexadas. O propio plan de accións sociolóxicas e de educación e concienciación dirixidas a poboación escolar e cidadáns en xeral, o número de actividades non coinciden co realmente realizado...

Agochar información, non proporcionala de maneira clara en tempo e forma impide a nosa organización e as organizacións que integramos o Consello Forestal de Galicia o poder realizar as propostas e as suxestións que contribúan a revisar e mellorar o PLADIGA, todo elo debido ao incumprimento do principio básico polo que se crea o Consello Forestal, que lembramos ten como fin principal: "...dar cumprimento ao principio de participación pública e establecer unha canle de colaboración cos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica".

O PLADIGA 2017 presentouse a finais de xuño (catro días antes do comezo da "Tempada de Máximo Risco") cando un protocolo deseñado para o conxunto do ano debe ser elaborado e presentado como moito tardar a primeiros do ano, previo análise dos erros do PLADIGA 2016 (feito que tampouco se produxo) dentro do Consello Forestal.



Señora Conselleira, moitas das eivas detectadas terían solución se houberse vontade por parte da Consellería da que vostede é responsable, lamentamos que ano tras ano se incurra nos mesmos erros, enumérolle algún deles:

1º.- Incumprimento reiterado do establecido no propio Decreto de creación do Consello Forestal de Galicia (Decreto 306/2004).

2º.- Incumprimento Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ao non achegar en tempo e forma o PLADIGA 2017 de forma completa. Facilitar o PLADIGA 2017 (300 páxinas máis a lexislación de aplicación) con só tres días de antelación, dificilmente se poden realizar posicionamentos, dificilmente se poden realizar achegas, propostas, suxestións se por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, é lamentable que non se nos facilita información previa aos vogais representantes no órgano colexiado que é o Consello Forestal de Galicia.

3º.- O vogal en representación da Asociación Amigos da Terra Galicia ademais das anteriores consideracións estando xa en plena época de "Máximo Risco, 1 de xullo ao 30 de setembro" manifesta a súa preocupación polos seguintes motivos:

_ Segue sen se ter en consideración as situacións meteorolóxicas que se producen ao longo do ano, coa tradición de "época de máximo risco" e un mes adicional ao ano. Os incendios forestais non teñen data fixa no calendario, o incremento do número de incendios forestais, a situación pola que están a pasar os nosos ecosistemas forestais e o propio cambio climático obrigan a que o operativo de prevención e extinción de incendios forestais se poida expandir ou contraer en función das necesidades reais que se produzan en cada momento.

_ Falla de vixilancia as 24 horas do día en días de perigo alto ou extremo con moitas zonas de "sombra" (os incendios son comunicados polos cidadáns ou os medios dos servizos forestais nos seus desprazamentos cotiás...) hai incendios que cando se sabe deles xa teñen unhas dimensións considerables cun maior risco de propagación, maior risco para as persoas e os bens, incremento dos custos de extinción...Non se poden ter pechadas casetas/torretas de vixilancia dos ecosistemas forestais que curiosamente si aparecen na información facilitada e recollida no protocolo. Houbo días na precampaña do 2017 de "risco extremo" dacordo ao IRDI elaborado pola propia Xunta de Galicia onde Distritos enteiros non tiñan unha soa torreta de vixilancia.

_ Non se están cubrindo as baixas do persoal de prevención e extinción propias (brigadas da Xunta de Galicia): brigadas que día tras día só entran con dous ou tres compoñentes, xornadas nas que só entra un só compoñente, a media debe de ser de cinco brigadistas como mínimo para garantir a operatividade e a protección tanto dos compoñentes das brigadas de extinción-prevención como para a protección da colectividade e os ecosistemas. Na precampaña do 2017 en días de "risco extremo" entraron brigadas con só un compoñente.

_ O convenio coa FEGAMP supón un xiro de 180 graos na política de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galicia, é un paso atrás na imprescindible profesionalización duns



traballos de alto risco, non se garante unhas condicións salariais axeitadas, non se garante o equipamento material e técnico axeitado, non se garante a formación imprescindible para a extinción de incendios e da realización de labores de prevención dos traballadores e traballadoras contratadas polos concellos, a selección do persoal tampouco se realiza baixo criterios e principios de publicidade, mérito e capacidade... Todo isto, demostrado nos últimos anos, conleva unha maior descoordinación, menor eficacia, maior desprofesionalización duns traballos onde o perigo e o risco é unha constante e incrementa os danos aos ecosistemas forestais ao incrementarse o risco de propagación dos incendios forestais.

_ Vehículos autobombas, imprescindibles para a extinción de incendios, non se cubren as 24 horas do día, baixas ou xubilacións de autobombistas (persoal laboral fixo, sen cubrir). Distritos onde só están operativos 2-3 autobombas cando contan con 8 vehículos de extinción (5 autobombas inoperativas en situacións risco extremo de incendios - feito ocorrido na precampaña-).

_ Externalización-privatización da contratación das brigadas helitransportadas, a empresa adxudicataria ben contratando ao persoal sen oferta pública quedando fora da contratación e sen posibilidades de acceder a estes postos, persoal de contrastada experiencia profesional, con anos de servizo en labores de prevención e extinción de incendios forestais...

_ Baixas de axentes forestais sen cubrir (Distritos Forestais onde tiña que haber entre 20-23 axentes medioambientais/axentes forestais só están operativos para traballos de prevención-extinción de incendios 14-15 axentes) isto afecta directamente a eficacia do operativo de prevención-extinción de incendios, maior carga de traballo, suspensión de vacacións, incumprimento da lexislación de compatibilización da vida laboral e familiar, maior perigo para os ecosistemas forestais de Galicia por unha menor protección, maior tempo de reacción diante dos incendios e menor eficacia por non poder realizar as labores propias destes profesionais por falla de persoal. Distritos como o XII, Miño-Arnoia (Ourense) con só 12 axentes forestais/axentes medioambientais operativos (situación que se ven reiterando nos últimos anos, non se cubren as vacantes non se reforza a este colectivo no verán). O distrito que pomos como exemplo conta cunha superficie de máis de 112.000 hectáreas e no mesmo concéntrase preto do 50% da poboación da provincia ourensá.

_ Distritos Forestais onde as baixas e xubilacións do persoal laboral fixo e fixo discontinuo fan que aproximadamente falte un 25-30% do persoal que había fai anos na "Tempada de Baixo Risco" ou de "precampaña". Postos de traballo que tampouco se cobren na "época de máximo risco". É urxente a cobertura destas vacantes para garantir un mínimo de eficacia nas labores de prevención e extinción de incendios forestais e a axeitada eficacia do operativo para o coidado do patrimonio natural e a protección da cidadanía.

_ Infrautilización de medios e recursos con que conta o conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia (medios de concellos, mancomunidades, deputacións, consellerías...), medios gardados nos garaxes ao non estar integrados no operativo de prevención e extinción de incendios forestais, demostración da falla dun "Plano de Emerxencias de Incendios Forestais Integral" plano que debe contar cun "mapa de Medios e Recursos" dispoñibles para axudar na loita contra os incendios forestais cando se precisa e cando se producen. A falla deste mapa de medios e recursos fai que se



produzan desprazamentos de medios dos Servizos Forestais a máis de 200-250 quilómetros mentres a carón de onde se produce o incendio forestal (5-15 minutos) hai autobombas ou maquinaria parada, infrautilizada. É preciso optimizar os medios e recursos públicos dispoñibles con elo melloraremos a operatividade, melloraremos o tempo de reacción, melloraremos a extinción dos incendios e minimizaremos os efectos dos mesmos cando se produzan.

_ Incumprimento e falla de coñecemento, do persoal asignado ao PLADIGA, do "Plan de Prevención de Riscos Laborais" e dos "Plans de Acción" a levar adiante nos servizos forestais públicos da Xunta de Galicia. Ao Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais e aos Distritos Forestais tense solicitado de palabra e por escrito o cumprimento da normativa de aplicación. Despois de 22 anos da aprobación da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, actualizada polo Real Decreto legislativo 5/2000 e reformada pola Lei 53/2003 entregouse a algún persoal (mes de xuño de 2017) dous documentos (avaliación de riscos laborais e plan de acción) documentos elaborados no ano 2013 e 2014. Non se impartiu a imprescindible formación a todo o persoal que participa no PLADIGA, nin xiquera se informou ao persoal de maneira axeitada. É bo lembrar que a prevención e a extinción de incendios forestais é un dos sectores con maior siniestralidade laboral e con máis mortes por accidentes laborais. É urxente por en marcha cursos de formación e aplicación efectiva do plan de acción elaborado.

_ Na maioría dos Distritos Forestais non hai reunións para alomenos subsanar os erros que se producen, buscar a forma de mellorar a operatividade e funcionamento do Distrito, coordinar os propios medios con que conta a Consellería, coordinarse axeitadamente con outros medios que integran o operativo PLADIGA...non se respectan a distintas estruturas operativas do Distrito nin as funcións de cada un dos seus integrantes. Na ampla maioría dos casos funcionase por inercia ou ao chou. Distritos onde non hai ningunha reunión ao longo de todo o ano. Sen unificar criterios na xestión do persoal propio da Consellería do Medio Rural, organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de coordinación, estrutura e funcionamento dos distritos forestais. 19 distritos forestais, 19 territorios que funcionan cada un a súa maneira (pequenos reinos de taifas)

_ Os traballos de prevención de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, desbrouzados, faixasde xestión de biomasa...), non se realizan ao seu debido tempo. Estando na "Época de Máximo Risco", os traballos de prevención en moitos casos están sen realizar ou realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais. Lembrar, costume perdida nos últimos anos, que estes traballos preventivos e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xullo.

_ No PLADIGA faise referencia a accións dirixidas a poboación, entre outras "accións sociolóxicas e de educación ambiental", a realidade é que as chamadas "Aulas Forestais" funcionan baixo mínimo ou sinxelamente están pechadas. Non houbo, non hai campañas de educación e sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar e tampouco a cidadanía, outro dos teóricos obxectivos que non se cumpren por que non hai vontade de levar adiante estas actuacións imprescindibles se queremos cambiar determinadas pautas de comportamento e se queremos que se valoren os ecosistemas forestais. Os propios datos facilitados no PLADIGA 2017 non se corresponden coa realidade das actuacións levadas a cabo.



_ Convenio de colaboración coas forzas armadas para a prevención de incendios forestais, dende Amigos da Terra consideramos, que non cumpre cós seus obxectivos, outro gasto cargado aos contribuíntes de Galicia inxustificable e de demostrada ineficacia. Cos preto de 600.000 euros (non se facilitaron os datos da aportación que fai a Xunta de Galicia no ano 2017), poderíanse cofinanciar programas agroambientais para evitar o uso tradicional do lume como ferramenta, programas de educación/sensibilización medioambiental, ou xestionar a biomasa nas faixas de prevención ao longo de 2.400 quilómetros de camiños forestais e estradas.

_ Falla de divulgación do PLADIGA entre os propios integrantes que teñen que cumprir este protocolo de actuación, o PLADIGA presentado tódolos anos no Consello Forestal de Galicia e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, non deixa de ser un plano mediático (cara a galería) posto que unha boa parte do operativo de prevención e extinción de incendios forestais non o coñece, non se coñecen as funcións, responsabilidades que cada un dos colectivos ten, obxectivos, prioridades...non resulta doado cumprir un plan cando non se da a coñecer ao conxunto das persoas e colectivos que participan no mesmo.

Dende Amigos da Terra consideramos que o Consello Forestal é un órgano axeitado se cumpre co establecido no seu Decreto de creación (Decreto 306/2004), o Consello Forestal debe ser informado a seu debido tempo e pode e debe axudar a atopar solucións que minimicen a repercusión dos incendios forestais nos nosos ecosistemas. 27 anos de plans de prevención e loita contra incendios de Galicia (INFOGA e PLADIGA), 13 anos dende que se creou o Consello Forestal de Galicia e tempo máis que suficiente para concluír que non se conseguiron os obxectivos previstos.

Amigos da Terra segue insistindo que é preciso crear dentro do Consello Forestal unha “Mesa de Traballo sobre Incendios Forestais” para mellorar no posible un Plano de Loita Contra Incendios que, por desgraza para o noso país, ten sido un fracaso, fracaso dos distintos gobernos da Xunta de Galicia e fracaso do conxunto da sociedade. “É posible solucionar o problema se estudamos os erros do pasado e buscamos solucións mediante o diálogo e a participación do conxunto da sociedade e mediante os seus representantes”, “A loucura é seguir facendo o mesmo e esperar resultados diferentes”; medio século de fracaso na loita contra os lumes forestais en Galicia son máis que suficientes para atopar solucións ao máis grave problema medioambiental que aturamos, eivas e danos aos ecosistemas forestais con graves repercusións económicas, ecolóxicas e sociais que afectan e emprobecen ao conxunto do país.

O informe elaborado polo Consello de Contas no 2016 debería facernos reflexionar a todos e todas (O Plan Forestal de Galicia elaborado no 1992 e que sinalaba o roteiro da política forestal ata o ano 2030 previa que se adicara un 13 % do diñeiro a prevención e extinción de incendios e o 87% ao fomento e desenvolvemento forestal), a realidade é que se adica máis dun 70% a extinción de incendios forestais e un escaso 30% a prevención ou políticas de desenvolvemento dos ecosistemas forestais (estamos moi lonxe do que ten que ser unha política forestal equilibrada e que busque a sustentabilidade do patrimonio forestal de Galicia).

No ano 2017 lamentablemente a Xunta de Galicia volve a apostar todo a unha carta, extinción-extinción-extinción...un ano máis a eficacia do operativo PLADIGA e a desfeita económica, ecolóxica



e social que supoñen os incendios forestais estarán ao ditado que marquen os condicionantes meteorolóxicos.

Por todo o exposto anteriormente, **SOLICITO:**

1.- Urxe crear unha Mesa de Traballo sobre Incendios Forestais no Consello Forestal de Galicia para tratar a problemática dos incendios, mesa na que se estudará e se poderá propor solucións que as hai, para entre todos e todas rematar con este grave problema (endemismo enquistado) que prexudica anos tras ano a economía, a ecoloxía e ao conxunto da sociedade de Galicia.

2.- Cobertura inmediata de tódalas vacantes existentes e reforzo do operativo nas zonas máis sensible pola alta actividade incendiaria (bombeiros forestais integrantes das brigadas, vixiantes de incendios, autobombistas, axentes forestais/axentes medioambientais, conductores).

3.- Nas Zonas de Alto Risco de Incendio e nas Parroquias de Alta Actividade Incendiaria é preciso deseñar un plan de choque para saber as causas, motivacións e as solucións por ser os incendios, en moitos casos, recurrentes nas últimas décadas afectando moi negativamente a propia viabilidade socioeconómica destas zonas.

4.- Achegar o PLADIGA a tódalas persoas integrantes do mesmo (institucións e persoal asignado que ten que cumprir con este protocolo), dalo a coñecer para a súa correcta aplicación, mellorar a eficacia facendo efectivo o cumprimento deste protocolo de actuación.

5.- Dar a coñecer o Plan de Prevención de Riscos Laborais elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, posta en marcha do Plan de Acción, formar a todo o persoal que está integrado no PLADIGA, dotar a todo o persoal dos medios que aparecen recollidos no Plan de Acción para unha axeitada prevención de riscos laborais.

6.- Unificar criterios na xestión do persoal propio da Consellería do Medio Rural, organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de coordinación, estrutura e funcionamento dos 19 distritos forestais actualmente existentes.

7.- Amigos da Terra tal e como ten manifestado reiteradamente, está interesada e quere e debe formar parte de calquera mesa, comisión, grupo de traballo que se cree para estudar, debater, elaborar normativas, directrices, plans...que teñan que ver cós montes, ecosistemas forestais, desenvolvemento sustentable, política forestal...posto que somos unha organización integrante do Consello Forestal de Galicia e representamos a unha parte da sociedade do país.

Ourense, 7 de xullo de 2017

Asdo.- Xosé Santos Otero